



Concello de Castrolverde

ACTA DO I CONCURSO DE TAPAS DO CONCELLO DE CASTROLVERDE

Reunidos o 9 de Marzo de 2023, sendo as 11.00 horas no salón de actos do Concello de Castrolverde, procedese ao reconto dos votos do I concurso de tapas celebrado no Concello de Castrolverde.

O Concello establece as seguintes determinacións:

1. Agradecer aos participantes de todos os establecementos hostaleiros concursantes dentro desta primeira edición.
2. Resaltar a calidade de todas as tapas presentadas.
3. Agradecer a participación de todas as persoas que se acercaron a pasada fin de semana ao noso Concello para degustar as excelentes tapas elaboradas polos catro locais participantes.

Procedese ao reconto dos votos

Rematado o reconto cun total de 309 folletos válidos e 10 nulos.

A relación de locais participantes queda na seguinte orde:

1º CLASIFICADO: BAR TABERNA SENADOR COA SÚA "TAPA AIRIÑOS DA MONTAÑA"
(687 puntos)

2º CLASIFICADO: BAR ROMA COA SÚA TAPA "ROMA" **(533 puntos)**

3º CLASIFICADO: BAR O CAMIÑO COA SÚA TAPA "DELICIA O CAMIÑO" **(527 puntos)**

4º CLASIFICADO: BAR A LENDA COA SÚA TAPA "PASIÓN LATINA" **(113 puntos)**

Visto o exposto na base sexta, onde se indica que: *os premios para os establecementos participantes premios consistirán nun diploma acreditativo para que coloquen no seu establecemento e no que se fará constar o posto no que quedaron podendo ser: 1º, 2º ou 3º posto.*

O xurado determina que habendo só catro establecementos participantes se dea tamen un cuarto diploma acreditativo.

Visto o exposto na base sétima, onde se indica que: *Establécense tres premios en total (obrigatorio ter os selos de todos os establecementos participantes, de non ser así non entrarán no sorteo).*



Concello de Casto Verde

A continuación celébrase o sorteo dos premios para os participantes.

O procedemento, será o indicado na base oitava das bases, que di : *Unha vez se saiban cales son os gañadores dos establecementos o persoal da organización xuntará novamente nunha soa urna todos os folletos para facer un sorteo ao azar onde se descubrirán cales son aquelas persoas do público consumidor premiadas co 1º, 2º e 3º premio (o folleto que se saque no primeiro sorteo que se faga levará o primeiro premio e así sucesivamente).*

O resultado do sorteo é o seguinte:

1º Premio: un vale de compra por valor de **300 €** a utilizar en calquera establecemento comercial de Casto Verde.

- NOME E APELIDOS : **SILVIA ARIAS ÁLVAREZ**

2º Premio: un vale de compra por valor de **200 €** a utilizar en calquera establecemento comercial de Casto Verde.

- NOME E APELIDOS: **ÁLVARO PERNAS SANFIZ**

3º Premio: un vale de compra por valor de **100 €** a utilizar en calquera establecemento comercial de Casto Verde.

- NOME E APELIDOS: **OTILIA LÓPEZ REGUERA**

O nome dos tres gañadores dos premios do público coma o dos establecementos hostaleiros que quedan en 1º, 2º, 3º e 4º posto será publicado na web e no facebook do concello así como tamén na prensa. Estes gañadores tamén serán avisados por vía telefónica para citalos na casa consistorial para recoller o premio obtido (vale ou diploma acreditativo dependendo do caso).

FIRMA DA ACTA DOS RESPONSABLES DO CONCELLO

María Luísa Freire Cordeo

José Luís López Arias

Juan Castedo Rey